

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 30/05/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDE

ARGIMIRO SERÉN MERA

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 30/05/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de maio de 2022, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA ACCTAL

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/1546

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Jesus Ferreira Castaño, en representación de Asociación Musical Coda, solicitando autorización para realizar un festival de fin de curso o 1 de xullo de 2022, na Rúa Aquilino Iglesias Alvariño, así como a colocación dun escenario de 8x5 m. e 200 cadeiras.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

PRP2022/1718

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de Dona M^a Cruz Cancelo Domínguez, no lugar de rua Cervantes, 16 Carril, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CAR.07/2020)

PRP2022/1719

Dáse conta do informe do Arquitecto Municipal en relación co inicio da tramitación do expediente de rehabilitación protexida na Área de Rexeneración e renovación urbana ARI Núcleo de Carril, a instancia de Don César Conde Fructuoso, no lugar de Avda Rosalía de Castro, 205, que indica que:

O Expediente de Rehabilitación Protexida, así como a documentación presentada polo solicitante, tanto no que respecta ás actuacións no edificio ou vivenda como á persoa beneficiaria, cumpre os requisitos das Bases Reguladoras de Subvencións para a Rehabilitación de Edificios e Vivendas nas ARIS de Vilagarcía de Arousa, así coma as determinacións descritas na “Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo de presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa”.

As actuacións que o promotor ten previsto realizar son compatibles co vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal e coa lexislación en materia de urbanismo.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a iniciación do expediente de referencia dado que o mesmo cumpre os requisitos referidos ás actuacións, ao edificio ou vivenda e á persoa beneficiaria, esixidos polo Plan Estatal 2018-2021. (Expte. ARRU-CAR.10/2020).

PRP2022/1759

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por INKROMATIC SOLUCIONES PROFESIONALES DE IMPRESIÓN, SLL para o subministro dun novo ploter para o servizo, por un importe total de 15.125,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1770

Dáse conta da convocatoria da Xunta Xeral Ordinaria da Comunidade de Propietarios Fermín Bouza Brey 5, tendo como punto 6 da orde do día a solicitude do Concello de Vilagarcía de Arousa para instalación e tubo en fachada para a saída de unha estufa de pellets. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1774

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L. para o subministro dunha cámara fotográfica para a Área de Comunicación, por un importe total de 1.082,95€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1796

Dáse conta do escrito presentado por D. Manuel Lage Casal e/n Asociación Escaravellos do Salnés no que solicita informe favorable para a celebración da ruta de vehículos clásicos escaravellos o domingo día 3 de xullo, no percorrido comprendido entre os Concellos de Vilanova, paso por Vilagarcía para visitar o pazo de Baión e posteriormente o Concello de Cambados. Dáse conta do informe da Policía Local sinalando que unha parte pequena do percorrido efectivamente pertence ó Concello de Vilagarcía, si ben as vías polas que pasaría a ruta son a PO-549, PO-529, VG4.3, todas elas da Xunta de Galicia e a N-640, de titularidade estatal, nas que a regulación e vixilancia do tráfico e circulación de vehículos é competencia da Agrupación de Tráfico da Garda Civil.

A Xunta de Goberno Local acorda informar a solicitude de acordo co indicado no informe da Policía Local.

RECURSOS HUMANOS**PRP2022/1720**

Dáse conta da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos, para nomear encargado accidental do servizo de mantemento da Fundación de Deportes a D. Juan José Ventoso Fuentes e abono de plus de produtividade por importe de 319,71€/mes, con cargo á partida 342-1300205, sen que o mesmo sexa descontado ao encargado titular, en substitución do titular do devandito servizo D. Javier Vicente Maneiro, do 18 ao 20 de maio do presente ano. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL**BENESTAR SOCIAL****PRP2022/1741**

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a LISTAXE DEFINITIVA para a ocupación de prazas da Escola Infantil Municipal.

Solicitada a redistribución de unidades para dar cabida a un maior número de nenos/as que se atopasen en lista de agarda, elaborase a lista definitiva en base a esta reorganización, autorizada polo servizo de inspección:

1 unidade 0-1 8 prazas

1 unidade 0-2 10 prazas

5 unidades 1-2 $13+13+13+13+13= 65$ prazas

4 unidades 2-3 $20+20+20+20 = 80$ prazas

1 unidade 0-3 (1-3 anos) 15 prazas

As persoas admitidas deberán formalizar a matrícula nas dependencias da ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL, entre o 1 e o 10 de xuño, ambos inclusive, no horario da Escola. En caso de non formalizar a matrícula, entenderase o desestamento da praza.

EMPREGO

PRP2022/1726

Dase conta da solicitude formulada por DNA. ROCÍO LOUZÁN BLANCO, en calidade de Presidenta do Centro Comercial Aberto Zona Aberta, mediante escrito presentado o 12 de maio, no que interesa a convocatoria da Mesa Local de Comercio, aos efectos previstos na convocatoria anual de subvencións para Asociación de comerciantes sen fin de lucro, a cal require a presentación de informe da Mesa de Comercio Local sobre o proxecto de dinamización comercial obxecto de solicitude de subvención.

Asemade, solicita a aprobación de celebración do evento “ Feira de Oportunidades 2022” que se desenvolverá os días 5, 6 e 7 de agosto.

O artigo 4 do Regulamento da Mesa Local de Comercio no Concello de Vilagarcía de Arousa que establece respecto ao seu funcionamento, que a Mesa Local de Comercio reunirse con carácter ordinario dúas veces no ano, unha en cada semestre,

Vista a proposta da Área de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado polo Centro Comercial Aberto Zona Aberta e convocar a Mesa Local de Comercio para o vindeiro día **MERCORES 8 DE XUÑO DE 2022 ÁS 12:30 HORAS DA MAÑÁ** , en primeira convocatoria e ás **13 HORAS** en segunda, ou, de non ser posible na data e hora indicadas, se sinala a mesma para a data que mellor conveña aos integrantes da mesma.

PRP2022/1760

Dáse conta da Resolución ditada polo Xefe Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da Orde de 7 de xaneiro de 2022 (DOG 21 de 01/02/2022), pola que se acorda conceder ó Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención, polo importe global de 21.770 € para a contratación de 7 traballadores/as desempregados/as (Socorristas) durante 2 meses a tempo completo para a realización do Servizo denominado **SALVAMENTO E SOCORRISMO 2022**, o que supón unha redución tanto no número de traballadores a contratar, como na duración do período de contratación, polo que os custos a asumir polo Concello se incrementan respecto aos inicialmente calculados, dado que o Concello vai a proceder á contratación de 12 persoas desempregadas durante 3 meses, debendo aportar un total de 38.062,72 €, correspondentes á diferenza nos custos salariais e de seguridade social máis a indemnización por cese.

- Total custo salarios e seguridade social: 59.832,72 €

- Subvención concedida: 21.770,00 €

- Aportación Municipal: 38.062,72 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/1743

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Empresa Pereira SL para o servizo de traslado de alumnos/as de varios centros educativos (CEIP Arealonga, CEIP Rubianes, CEIP Piñeiriño, CEIP Vilaxoan e CEIP Carril (Ida e volta) ao Parque Urbano Miguel Hernandez, con motivo da celebración da actividade "LITERATUR" que se vai a celebrar entre os días 13 a 17 de xuño, en horario de 9:00 a 14:00 horas, por un importe total de 1.100,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.223.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/1764

Dáse conta a Xunta de Goberno do vencemento o próximo 8 de xuño de 2022 do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcita de Arousa e Asociación Protectora de Animais para o uso da instalación denominada refuxio de animais domésticos de Pinar do Rei (Canceira) e para aplicación do protocolo CES nas colonias felinas sitas no termo municipal de Vilagarcia de Arousa , polo que se outorga unha subvención por importe de 25.000€ para facer fronte aos gastos. Dito convenio foi asignado no 8 de xuño de 2018 e tal como recolle a cláusula cuarta do texto “.....terá unha duración de 4 anos que se prorrogará anualmente salvo denuncia expresa de calquera das partes”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1765

Dáse conta a Xunta de Goberno do oficio remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, recibido coa data de 25 de maio de 2022, no que se comunica os resultados da análise microbiolóxica das augas da zona de baño da Praia de Compostela cos seguintes datos:

- Control 0 data de mostraxe do 22/05/2022 e informe do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia do 24/05/2022
- Zona de baño Compostela con valores microbilóxicos de enterococos intestinais de 410 NMP/100ml e > 2.000 NMP/100ml

Ademais obrigan ao Concello a expoñer un cartel no que , polo menos , se recomenda non bañarse temporalmente por contaminación microbiolóxica na auga”.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1772

Dáse conta da recepción o día 26 de maio de 2022 de oficio da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade comunicando a finalización do episodio de contaminación microbiolóxica nas augas

de baño da Praia Compostela segundo mostra recollida o día 24 de maio de 2022.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1346

O día 12 de abril de 2022 Mariano de la Torre Aguilar, con domicilio na Praza Ravella núm. 21, 1º presenta un escrito no que solicita un informe técnico no que conste se, ao longo da fachada do edificio situado no nº 21 da Praza Ravella, se dispón dun espazo dunha anchura mínima libre de 5 metros mobiliario urbano, xardíns, mouteiras e outros obstáculos e se existen pólas de árbores no mencionado espazo e a que distancia da fachada se atopan. A fundamentación para solicitar este informe é que, segundo a interpretación do solicitante, a normativa básica da edificación establece para o caso de incendio que os edificios cunha altura de evacuación descendente maior de 9 m deben dispoñer dun espazo de manobra para os bombeiros cunha anchura libre de 5 m.

O día 21 de abril de 2022 o xefe do Servizo Municipal de Emerxencias emite informe en relación á accesibilidade pola fachada ao edificio sito no nº 21 de Praza Ravella para medios de intervención no caso dunha emerxencia no que recolle que:

- Non é de aplicación a este inmovible o CTE no seu DB SI5, xa que os elementos (árbores, mobiliario urbano, etc), non forman parte do proxecto da propia edificación nin están adscritos a esta, tal e como establece o propio documento. O ámbito de aplicación deste DB son as obras de edificación, así os elementos na contorna do edificio aos que lle son de aplicación son unicamente aqueles que formen parte do proxecto de edificación e consonte o artigo 2.3 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, están comprendidas na edificación as súas instalacións fixas e o equipamento propio, así como os elementos de urbanización que permanezan adscritos ao edificio.
- É recomendable que se manteña unha distancia libre entre a fachada e a ramaxe da árbore que se atopa diante do inmovible, de como mínimo 2,5 m, co fin de garantir o acceso a calquera vehículo de rescate en altura á totalidade da fachada.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o presente acordo ao Sr. de la Torre Aguilar.

TURISMO

PRP2022/1756

Dáse conta de proposta da Concellería de Turismo en relación coa celebración, do 7 ao 11 de setembro, en Vilaxoán, do FESTIVAL REVENIDAS 2022, organizado por Revenidas SC.

O Festival Revenidas está xa plenamente consolidado e recoñecido, e cada ano conta con máis actividades e novas iniciativas diferentes máis aló da actuación dos recoñecidos artistas, resultando un evento que pon en valor a gastronomía do lugar e promociona actividades vinculadas á natureza. Continuará co modelo de combinar actividades gratuítas para o público familiar con concertos de pago.

Considerase fundamental na estratexia de promoción turística de Vilagarcía.

Á vista da citada proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a declaración do citado Festival como de Interese Turístico Local.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2022/1724

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a realización de actividades de sensibilización e promoción do colectivo LGTBI+, con motivo da celebración do día do Orgullo o 28 de xuño, por un importe total de 3.154,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22610, coa seguinte desagregación:

1. Orzamento presentado pola Asociación APAIOGA para a realización de dous Escape room, por importe de 800,00€
2. Orzamento presentado por Nelson Quinteiro Roa para a realización dun espectáculo de cabaret de rúa, por importe de 1870,00€.
3. Orzamento presentado polo Cine Clube ADEGA para a proxección da película “Sólo nos queda bailar”, por importe de 484,00€.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1739

Dáse conta do acordo de Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2022, de aprobación do orzamento presentado pola Empresa PAZ-DISMAC SL para o subministro de un arquivador de 4 caixóns, por un importe total de 435,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda deixar sen efecto o citado acordo e aprobar o novo orzamento presentado pola Empresa PAZ-DISMAC SL para o subministro de un arquivador de 4 caixóns en melamina de cor cereixo, con tiradores de cor negro (148x45x60 cm), por un importe total de 505,18 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2022/1766

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización da actividade Agora Vermú 2022, no que se inclúe cachés dos artistas e proeducción, por un importe total de 7.62,01 €, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

- Cachés actuacións:

Nome	Concepto	Día actuación	Importe
MUSTRAMIT SL	Actuación Isi Vaamonde	05/06/2022	1.210,00 €
AVIOUGA SL	Actuación Pepe Vaamonde Grupo	12/06/2022	2.200,00 €
MUSICOS AO VIVO S.COOP. GALEGA	Actuación Carla Green And The Demons	19/06/2022	1.452,00 €
TOTAL GASTOS CACHÉ GRUPOS			4.662,00 €

- D. Diego Basadre Barreiro, por importe de 2.958,01 € (IVE incluído) pola produción e asistencia técnica.

Fáise constar así mesmo que os gastos correspondentes á SGAE serán asumidos polo Concello.

PRP2022/1767

Vista a solicitude de Asociación Cultural Camiño do Carro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da e San Fidel en Carril o vindeiro día 31 de xullo de 2022.

- Actuación da Asociación Cultural Airiños de Carril (Grupo de Gaitas) por un importe de 268,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/1768

Dáse conta de proposta da Concellería de cultura en relación co desenvolvemento dunha nova campaña de lingua entre o alumnado do IES Castro Albre e o Servizo de Normalización Lingüística para o ano 2022 "Fomento do Uso do Galego no Comercio Local".

Á Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa GRAÑEDA SA para a impresión de 5000 cadernos (bloc de notas) cuxa portada será o deseño gráfico gañador do alumnado do citado IES, por un importe total de 3.327,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2022/1703

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 13 de maio de 2022, de concesión de subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa no marco do Plan Concellos 2022-2023, Liña 1-Investmentos (anualidade 2022), con destino ao financiamento do investimento "Subministro de luminarias para mellora iluminación do Campo de Fútbol A Lomba".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1752

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 9 de decembro de 2021, aprobou a memoria valorada denominada "Substitución de cobertura no grada do campo de fútbol de Vilaxoán", redactada polo Sr. Arquitecto Municipal, cun orzamento de licitación de 43.334,91€ (IVE engadido), solicitando o seu financiamento con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022/23.

Por Resolución Presidencial de data 22 de marzo de 2022, a Deputación Provincial concedeu a subvención por importe de 43.334,91€ para financiar o 100% do investimento de referencia.

Solicitadas, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, ofertas ás empresas Cubiertas Gamallo, S.L.; Servicios del Automatismo y Metal, S.L.U. e Bespi Construcciones, S.L. e rematado o prazo de presentación de ofertas, non consta presentada ningunha (achégase como anexo xustificante da plataforma de contratación).

Procede a aplicación, a sensu contrario, do artigo 150.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público que establece que "el órgano de contratación no podrá declarar desierta una licitación cuando exista alguna oferta o proposición que sea admisible de acuerdo con los criterios que figuren en el pliego"

Visto o que antecede, a Xunta de goberno Local acorda:

1.- Declarar deserta a licitación denominada "Substitución de cobertura no graderío do campo de fútbol de Vilaxoán" (CT34/2022), ao non presentarse ningún licitador.

2.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratación do Sector Público, onde ten aloxado o perfil do contratante o concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2022/1753

Vista a proposta da Concellería de Educación e Deportes, previa declaración de deserto do procedemento de licitación, e ao tratarse dun contrato menor de obras de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de "Substitución de cobertura no graderío do campo de fútbol de Vilaxoán" á mercantil Bespi Construcciones, S.L. (B36347623), por importe de 35.813,91€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 7.520,92€, o que totaliza un importe de adxudicación de 43.334,83€, financiándose con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2022-23) e sendo o seu prazo de execución de 4 meses, de conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida .342.63200.

PRP2022/1775

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de outubro de 2021, aprobouse o proxecto técnico denominado "Construción de muro de contención entre Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro, en Castroagudín, redactado polo enxeñeiro industrial don Miguel Angel Fariñas Martín por importe de 33.399,15 euros (IVE engadido).

Con motivo do incremento dos prezos que se veñen sucedendo nos diversos sectores relacionados directamente cos materiais de construción, por Resolución de Alcaldía de data 26 de maio de 2022 aprobouse o proxecto de Construción de muro de contención entre a rúa Souto de Arriba e rúa Centro, en Castroagudín. Revisión 01" redactado polo enxeñeiro industrial don Miguel Angel Fariñas Martín, cun novo orzamento de licitación de 48.315,13 € (IVE engadido).

Na mesma Resolución da Alcaldía. faise constar que o aumento do prezo por valor de 14.915,98 euros da contía do proxecto será asumida polo concello de Vilagarcía de Arousa con fondos propios, sendo o restante a cargo da subvención concedida en data 10 de maio de 2022 por Resolución Presidencial. da Deputación de Provincial de Pontevedra con cargo ás baixas obtidas en outras licitacións de obra do Plan Concellos 2020 por importe de 33.399,15 €.

O prazo de execución será de 1 MES.

Solicitadas ofertas a tres empresas especializadas neste tipo de traballos resulta o seguinte:

Empresa	Oferta IVE excluído	Oferta IVE engadido
Cesar Paz, S.L.	48.697,60 €	58.924,10 €
Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.	39.403,59 €	47.678,34 €
Galsur Proyectos y Obras, S.L.U.	39.732,86 €	48.076,76 €

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras denominado "Construción de muro de contención entre Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro, en Castroagudín. Revisión 01", á mercantil Movimientos de Aridos y Construcciones de Arosa, S.L.. (B36533537), por un importe de 39.403,59 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 8.274,75 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 47.678,34 € (IVE engadido), dos que 33.399,15 € financiarase con cargo á subvención, das baixas obtidas do PLAN CONCELLOS 2020 concedida pola Diputación Provincial de Pontevedra, e os restantes 14.279,19 € con fondos propios, con cargo á partida 454.61900.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/1747

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° UN (2022/2590), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/2212), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS21(2) 01/01/2021 por importe de 37.546,49€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga para a certificación de obra N° UN (2022/2590), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/2212), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS21(2) 01/01/2021 por importe de 37.546,49€, coa seguinte desagregación:

REX.	N° de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2590	UN	31/03/2022	37.546,49 €	MONTAJES IGLESIAS, S.L.	J.M. CERT. UN. OBRA RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN	459	61900

PRP2022/1748

Visto o expediente integrado pola certificación de obra N° DÚAS (2022/3129), derivada da execución do contrato de obras denominado "RENOVACIÓN DOS SERVICIOS E HUMANIZACIÓN RÚA SOBRÁN", (xustificante de gasto con N° de rexistro 2022/3050), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS21(2) 01/01/2021 por importe de 61.329,84€.

Visto que o expediente consta da conformidade técnica.

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

